LABORATORIO DE CÁNTIGAS NOVAS. COMUNIDADE DE ORTIGUEIRA, 2026

O cancioneiro que contemplas é o froito, recén apañado, do traballo de investigación e creación que producimos da man de artistas e músicos que acudiron este ano ao noso chamado para continuar a experiencia de recoñecer, recuperar e resignificar a nosa música popular.

Desde febreiro ate xullo de 2026, a comunidade do Laboratorio de Cántigas Novas que creamos en Ortigueira, da man do Concello, o Festival Internacional do Mundo Celta e a Escola de Gaitas de Ortigueira, explorou e traballou coa nosa música de tradición oral como materia inicial: Verso, copla e cántiga; poesía, cantar e xogo; melodía, estrutura e armonía. Pero sobre todo, observar, sentir e expresar.

O noso traballo na dirección deste espazo creativo, foi dotalo de marcos e recursos para despois poder guiar unha experimentación coletiva. Para axudarnos, este ano contamos con especialistas como Manolo Rico Verea, Mondra, Sergio de la Ossa, Dores Tembrás, Lupe Blanco, Fransy González, Ramón Dopico, Pablo Hernández Mejías e Pedro Pascual. Con eles e elas coñecemos os cancioneiros para entender as maneiras en que a nosa xente, desde o persoal ate o grupal, creou os versos e melodías que hoxe cantamos entre nós, aprendimos de poesía e de nós como persoas, aprendimos de modos musicais, de prosodia, de simbolismo lírico, de estructuras e da relación entre palabra, ritmo e baile. Como sempre tamén, a comunidade ortegana, con San Claudio e Devesos, axudounos a facermos comunidade e sentir a nosa cultura desde dentro.

Queremos agradecer ás entidades e a todo o colectivo participante o seu esforzo e adicación, por poñer enriba da mesa os recursos, as artes e o corazón que fan posible que naveguemos esta ría única, á procura de tesouros que nos pertencen a todos e todas e que, como sempre fixemos, sigamos a crear a cultura desde nós.

A todas e todos, grazas de corazón.

Óscar Górriz e Ugia Pedreira.
En Ortigueira, a 11 de Xullo de 2026

CANCIONEIRO

DAS CÁNTIGAS NOVAS DE ORTIGUEIRA.

EDICIÓN **2026**

RI QUE **RI**

Era outra vez o muíño
e unha loira muiñeira
feita de ovos e millo.

Ri que ri o río;
ri que ri o mar,
e o ar cheo de pombas,
merlos e pardals.

Rin que rin as frores
sangue e sol leviáns
que os cómaros pintan
de pano sedán.

Rin que rin os albres,
os regos, o lar
i-o sol que apoleira
i-a lua que sai.

I é ansí porque ledo
xermola un cantar
nos beizos, nos ollos
na voces e nas mans

da doce muiñeira
do muíño do mar.

Autoría: Laureano e Sura Álvarez

RUMBA DO LIMÓN

Ai, limón mariñeiro,
mariñeiro limón,
dime a quen enfadaches,
quen ao mar te botou.

Quen ao mar te botou,
quen te botou ao mar,
ai, limón mariñeiro,
que nos podes contar.

Retrouso:
Ai, praia! Ai, area!
Afogaron o barco e as penas!

Quen o mar limón botou
Non acedou túa laranxa
Ninguén acedarche puido
Corazón batendo en calma
Amor propio que aloumiñas
É de abella mel dourado
Nin quente nin frío rencor
Poderá nunca estraghalo

Ai, praia! Ai, area!
Afogaron o barco e as penas!

|:Como o río que chega ao mare:|
de mariñeiro son cantiga
que a ti amor quero chegare
|:que a ti amor quero chegare:|
Como o río que chega ao mare

Autoría: Celia Pía, Sura Álvarez, María Quintela, Helio Miramontes, Jesús Arránz, Alberto Santiso

CANTAR

Aquela que anda no baile
aquela que baila ben-he
nos cabelos unha rosa
nos beizos un caravel-he

Non me toque-la muiñeira
non quero baila-lo solto
búscame pro agarrado
quero senti-lo teu corpo

Esta noite hei d'ir de ronda
esta noite hei d'ir rondar-e
agromáronme no peito
herbiñas de namorar-e

Déixame contigo entrar-e
déixame entrar de contado
habemos de rematar-e
o que xa está comezado

Autoría: Helio Miramontes, Almudena López, Inma Castro, Iria Estévez e a comunidade do LAB

CHOCOLATEIRA

Chocolateira bota na taza
vendo chocolate na praza
Chocolateira chocolateira
chocolateira chocolatá

Tapa tapa tapa a lata
tapa tapa da chacalata
Tapa tapa tapa a lata
tapa tapa da chacalá

Chocolateira xoga na eira
compro chocolate na feira
Chocolateira chocolateira
chocolateira chocolatá

Tepe tepe tepe e lete
tepe tepe de chequelete
Tepe tepe tepe e lete
tepe tepe de chequelé

Chocolateira chama prá fila
bebo chocolate na vila
Chocolateira chocolateira
chocolateira chocolatá

Tipi tipi tipi i liti
tipi tipi di chiquiliti
Tipi tipi tipi i liti
tipi tipi di chiquilí

Chocolateira ponte na cola
tomo chocolate na escola
Chocolateira chocolateira
chocolateira chocolatá

Topo topo topo o loto
topo topo do chocoloto
Topo topo topo o loto
topo topo do chocoló

Chocolateira non faltes nunca
quero chocolate na cunca
Chocolateira chocolateira
chocolateira chocolatá

Tupu tupu tupu u lutu
tupu tupu du chuculutu
Tupu tupu tupu u lutu
tupu tupu du chuculú

Chocolateira chocolateira
chocolateira chocolatá

Autoría: Cecilia Crespo, Helio Miramontes, Óscar Górriz, Elisa Uriarte

ACASO

Imos pola vida xuntos
imos facendo camiño
o mundo non vale nada
se non camiño contigo

Acaso atopei fortuna
afago, amor e contento
non choro cousa ningunha
non temo ao esquecimento

Tanto nos pesan os anos
casiña do meu contento
lá fora cúrtese o corpo
a ialma medra por dentro

Neste mundo chorei eu-e
coma orballo calado
as dores de non saber-e
desandar camiño andado

Por iso mesmo quizais
o tempo levoume a ti
fuches o amor que naceu
o mundo tróuxote a min

Imos pola vida xuntos
imos facendo camiño
o mundo non vale nada
se non camiño contigo

Autoría: Belem de Andrade, Carmen Romero, Ico Rafael, Inma Castro, Xabi Melgar e a Comunidade do LAB

FALAR DE **AMOR**

Eu quero falar de amor
com versos sempre incompletos
que non pareçam sonetos
eu quero falar de amor
aguardar em silencio e por
uma flor em cada beijo
e para não cair no aleijo
quero eu deixar escrito
que no espaço que habito
todo gira em torno de um eixo
e que incompleta não sou,
sim que as vezes ausente
mas, outras olho de frente
para ver por onde vou
ou se o mundo silenciou
o som deste verso aflito,
e que passa si me repito
pois é que tenho uma mão
que vai marcando a pulsão
destes versos que recito.

Por que non falar de amor?
entre tanto descontento,
esconder algum fragmento
um recordo de valor
uma imagem para compor
uma pausa para viver
cantar, bailar, sonhar, correr
inventar novas palavras
sementar em terra lavra
o que um quere recolher.

Sim que vou falar de amor
um amor que vem de tempo
que passou por descontento
foi calmo, foi agitador
foi seu próprio afiador
soube atuar com resiliência
e nesse baile de essência
eu atopei o segredo
do amor correspondido
em permanente latência.

Sim que vou falar de amor
que enche cada espaço,
que no lenço é o traço
que vai deixando o pintor,
ou palavra que o escritor
sementa em campo aberto
com destino sempre incerto,
o amor enche o mundo
este buraco profundo
que nós abrimos de certo.

Autoría: Belem de Andrade

A VIDA VAI

Neste camiñar sen trazo,
atopei eu a coraxe
e deixando nel meus pasos
fun deseñando a paisaxe.

Retrouso:
A vida vai, a vida ven
a vida vai, a vida ven
en cada estrada

Acendín a luz apenas,
pra alumear as pegadas
que dende o cumio ata o val
marcan as liñas da estrada.

Unha senda que debuxa
mapas de estrelas no corpo
cravando no peito unha rota
para chegarmos a porto.

Os sinais que van quedando
tralos meus pasos lixeiros
tomara eu que fosen
o ronsel do teu veleiro.

Racha as ondas, meu veleiro,
coma quen maza na pedra
bate neste meu camiño
con mapas e con estrelas.

Autoría: Ico Rafael, Belem de Andrade, Cecilia Crespo, Lidia India

XIRA O **MUNDO**

Xira o mundo ao revés
non sei onde teño os pés

De onde vén o vento
de onde vén o vento
de onde vén o vento
dime de onde vén

Canto tempo hei de esperar
canto máis hei de dicir

hoxe saio á rúa
hoxe saio á rúa
hoxe saio á rúa
e ti non me ves

A tristura vai alá
co teu xeito de mirar
o aloumiño da noite
levou o meu pesar

E cantarán as estrelas
volve a vida medrar
E bailarán os cometas
volve o mundo xirar

Autoría: A comunidade do LAB

MUIÑEIRA DE **ORTIGUEIRA**

Cantar:

Eu non che sou a que era
e xa non che canto nada
agora cántanme os ósos
cantares de vida amarga.

Ao lembrar esas ruadas
ó son da túa pandeira
miña cariña enrrugada
pon ollos de brincadeira

Muiñeira:

Imos pola vida xuntas
imos facendo camiño
a vida non vale nada
se non camiño contigo

Imos pola vida xuntas
cantarémo-la muiñeira
o mundo non vale nada
sen a miña compañeira

Se me dá o atrevemento
xa me veñen marmurar-e
marmurade o que queirades
q'hei de saír e bailar-e.

Xa o merlo canta ben-he
sona o coro da alborada
se te achegas compañeira
pecharemo-la foliada

Autoría: Almudena López, Inma Castro, María Quintela, Ico Rafael, María Fuente, Lidia India, Belem de Andrade e a comunidade do LAB

Escoita tamén o

CANCIONEIRO 2025





https://on.soundcloud.com/PxoV7lHEEAb547SwCC